

NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓN 2º TRIMESTRE:

Todos aqueles alumnos e alumnas de 6º EP que teñan suspensa a segunda avaliación de Ciencias Sociais, deben centrarse en realizar estas actividades de recuperación. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

A data límite para a entrega destas actividades é o ernes 15 de maio.

Unha vez feitas, debedes envialas ao meu correo: profeantia@gmail.com

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes envialas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.

Calquera dúbida, escribídeme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!

6º EP. Ciencias Sociais: Recuperación segundo trimestre.

Nome: _____ Data: _____


1. Escribe un **V** se as oracións son verdadeiras e un **F** se as oracións son falsas.

- O sector primario dedícase á explotación dos recursos naturais.
- As únicas actividades que se levan a cabo non sector primario son a gandería e a agricultura.
- As localizacións do sector primario poden ser as seguintes: ríos, campos cultivables, bosques, etc.
- O sector terciario ocúpase da transformación das materias primas en produtos elaborados.
- As actividades que leva a cabo o sector secundario engloban a industria, a artesanía, a construcción e a producción de enerxía.
- Respecto ás localizacións, destacan as minas subterráneas e as minas a ceo aberto.
- A industria europea dá emprego a máis do 50 % da poboación activa.
- Destacan a industria metalúrxica, a química e a petroquímica en Polonia, Estonia, Lituania e Letonia.
- Nas industrias de bens de consumo, sobresaen a téxtil e a do automóbil en Alemaña, Italia e Francia.
- Respecto á produción de enerxía, destacan as centrais eléctricas en países como Francia ou Bélxica.
- As enerxías renovables van abrindose camiño en países como Alemaña e Suecia.

2. Escribe **MP** xunto ás materias primas e **PE** xunto aos produtos elaborados.




3. Relaciona con frechas.



4. Pescuda como se distribúe a poboación nos diferentes sectores económicos en España e compárao coa distribución da poboación en Europa.

5. Marca no mapa de España e no de Europa as principais zonas dedicadas ao sector primario, ao secundario e ao terciario.



6. Observa estes obxectos e describe como afectaron á vida diaria das persoas.



7. Escribe un *V* se as oracións son verdadeiras e un *F* se as oracións son falsas.

- O sector servizos agrupa actividades dedicadas a ofrecer servizos.
- O sector terciario desenvolve actividades relacionadas unicamente co comercio.
- As actividades do sector servizos adoitan localizarse cerca e dentro de núcleos de poboación.
- As comunicacíons serven para transmitir mensaxes a curtas distancias.
- A sanidade comprende os servizos destinados ao coidado da nosa saúde.
- O transporte consiste no traslado de mercancías.
- Os servizos educativos lévanse a cabo en centros onde se imparten coñecementos aos alumnos.
- O comercio permite aos consumidores adquirir bens e servizos mediante a súa compra.
- O turismo proporciona servizos a quen se desprazan a outros lugares durante o seu tempo de ocio.
- En España, o turismo é a principal actividade do sector terciario e é que o 30 % dos beneficios de dito sector proveñen del.
- España é un dos destinos turísticos más visitados polo clima, as praias e os prezos baixos.

8. Describe como influíron nas nosas vidas as comunicacións, as melloras en sanidade e o desenvolvemento do transporte.

9. Observa as fotos e escribe a que tipo de turismo corresponden e que actividades inclúen.



10. Completa as oracións.

As principais _____ en Europa son ordenadores e componentes electrónicos, petróleo, gas, roupa e accesorios.

As principais _____ en Europa son coches e vehículos de motor, derivados do petróleo, maquinaria especializada para industria, medicinas e produtos farmacéuticos.